

# Unha estación no inferno

Arthur Rimbaud

Tradución de Perfecto Andrade



“Noutro tempo, se ben me lembro, a miña vida era un festín no que se abrían todos os corazóns, no que todos os viños corrían.”

Un serán, sentei á Beleza no colo. –E atopeina amarga. –E inxurieina.

Armeime contra a xustiza.

Fuxín. Ei meigas, ei miseria, ei odio, a vós foi confiado o meu tesouro!

Cheguei a facer esvaecerse no meu espírito toda a esperanza humana. Sobre toda ledicia para estrangulala din o salto xordo da besta feroz.

Chamei ós verdugos para, perecendo, morder a culata dos seus fusís. Chamei polas pragas, para afogar coa area, co sangue. A desgraza foi meu deus. Deiteime na lama. Sequeime ó aire do crime. E fixenlle boas xogadas á tolemia.

E a primavera tróuxome o horroroso riso do idiota.

Agora ben, ultimamente, atopándome a piques de facer o derradeiro *cuac!* soñei buscar a chave do festín antigo, onde quizais recobraría o apetito.

A caridade é esa chave. –Esta inspiración proba que soñei!

“Seguirás sendo hiena, etc. ...», exclama o demo que me corou de tan amables durmideiras. «Gana a morte con todos os teus apetitos, e o teu egoísmo e todos os pecados capitais.”

Ah! Tomei de máis: –Pero, querido Satán, suplicollo, unha pupila menos irritada! e esperando algunhas das pequenas covardías atrasadas, a vostede que ama no escritor a ausencia das facultades descritivas ou instrutivas, sepárolle algunhas destas noxentas páxinas do meu caderno de condenado.

## MAL SANGUE

Teño dos meus antecesores galos o ollo azul branco, os sisos estreitos, e a torpeza na loita. Atopo o meu vestido tan bárbaro coma o seu. Pero non poño manteiga na miña cabeleira.

Os galos eran os esfoladores de bestas, os queimadores de herbas máis ineptos do seu tempo.

Deles, teño: a idolatría e o amor do sacrilexio; –oh! Todos os vicios, cólera, luxuria, –magnífica a luxuria–; sobre todo mentira e preguiza.

Teño horror de todos os oficios. Xefes e obreiros, todos labregos, innobres. A man na pluma vale a man no arado. –Que século de mans! –Eu nunca terei a miña man. Ademais, o doméstico leva demasiado lonxe. A honestidade da mendicidade aflíxeme. Os criminais dánme noxo coma castrados: eu estou intacto, e dáme igual.

Mais! Quen fixo a miña lingua tan pérfida, que ten guiado e salvagardado ata aquí a miña preguiza? Sen servirme para vivir mesmo do meu corpo, e máis ocioso que o sapo, vivín por todos lados. Non hai familia de Europa que non coñeza. –Quero dicir familias coma a miña, que teñen todo da declaración dos Dereitos do Home. –Coñecín a cada fillo de familia!

Se tivera antecedentes nun punto calquera da historia de Francia!

Pero non, ren.

Éme ben evidente que sempre fun raza inferior. Non podo comprender a revolta. A miña raza nunca se ergueu, só para pillar: tales os lobos á besta que non mataron.

Recordo a historia de Francia primoxénita da Igrexa. Tería feito, vilán, a viaxe de terra santa; teño na cabeza estradas nas chairas suabas, vistas de Bizancio, murallas de Solima; o culto de María, o entenrecemento sobre o crucificado acordan en min entre mil feitizos profanos. –Estou sentado, leproso, sobre os cacharros rotos e as estrugas, ó pé dun muro roído polo sol. –Máis tarde, mercenario, bivacaría baixo as noites de Alemaña.

Ah! Outra cousa: bailo o sabbath nun claro vermello, con vellas e nenos.

Non lembro alén desta terra e o cristianismo. Non acabaría de volver a verme nese pasado. Pero sempre só; sen familia; mesmo que lingua falaba eu? Nunca me vexo nos consellos de Cristo, nin nos consellos dos Señores, –representantes de Cristo.

Que era eu no século pasado: só hoxe me volvo atopar. Non máis vagabundos, non máis guerras vagas. A raza inferior cubriuno todo –o pobo, disque, a razón; a nación e a ciencia.

Oh! a ciencia! Retomouse todo. Para o corpo e para a alma, –o viático, –temos a medicina e a filosofía, –os remedios das menciñeiras e as cancións populares arranxadas. E os leceres dos príncipes e os xogos que prohibían! Xeografía, cosmografía, mecánica, química!...

A ciencia, a nova nobreza! O progreso. O mundo marcha! Por que non xiraría?

É a visión dos números. Imos ó *Espírito*. É moi certo, é oráculo, o que digo. Comprendo, e non sabendo explicarme sen palabras pagás, querería calarme.

O sangue pagán volve! O Espírito está próximo, por que Cristo non me axuda, dándolle á miña alma nobreza e liberdade. Que mágoa! o Evanxeo pasou! o Evanxeo! o Evanxeo.

Espero a Deus con gula. Son de raza inferior desde toda a eternidade.

Aquí estou na praia armoricana. Que as cidades se acendan no serán. A miña xornada está feita; deixo Europa. O aire mariño queimará os meus pulmóns; os climas perdidos curtiranme. Nadar, esmagar a herba, cazar, fumar sobre todo; beber licores fortes coma metal fervente, como facían eses queridos antecesores ó redor dos lumes.

Volverei, con membros de ferro, a pel sombría, o ollo furioso: pola miña máscara, xulgaranme dunha raza forte. Terei ouro: serei nugallán e brutal. As mulleres coidan deses feroces eivados á volta dos países cálidos. Mesturaranme en asuntos políticos. Salvado.

Agora estou maldito, aborrezco a patria. O mellor, é un sono ben ebrio, na praia.

Non se parte. –Retomemos os camiños de aquí, cargado co meu vicio, o vicio que fixo medrar as súas raíces de sufrimento ó meu carón, desde a idade de razón –que sobe ó ceo, me bate, me abate, me arrastra.

A derradeira inocencia e a derradeira timidez. Está dito. Non levar ó mundo os meus noxos e as miñas traizóns.

Imos! A marcha, a carga, o deserto, o aburrimiento e a cólera.

A quen alugarme? Que besta hai que adorar? Que santa imaxe atacamos? Que corazóns romperei? Que mentira debo soste? –En que sangue camiñar?

Máis ben, gardarse da xustiza. –A vida dura, o embrutecemento simple, –levantar, co puño desecado, a tapadeira do cadaleito, sentar, esganar. Así, nada de vellez, nin de perigos: o terror non é francés.

–Ah! Estou tan desamparado que ofrezco impulsos cara a perfección a calquera divina imaxe.

Oh miña abnegación!, oh miña caridade marabillosa! aquí abaixo sen embargo!

*De profundis Domine*, que parvo son!

Aínda neniño, admiraba o forzado intratable sobre o que se pecha sempre a prisión; visitaba os albergues e as habitacións de aluguer que sacralizara coa súa estancia; vía *coa súa idea* o ceo azul e o traballo florido do campo, uliscaba a súa fatalidade nas cidades. El tiña máis forza ca un santo, máis sentido ca un viaxeiro –e el, el so! coma testemuña da súa gloria e a súa razón.

Polos camiños, polas noites de inverno, sen abrigadoiro, sen roupas, sen pan, unha voz oprimía o meu corazón xeados: «Debilidade ou forza: aquí estás, é a forza. Non sabes nin onde vas nin por que vas, entra en todo, responde a todo. Non te matarán máis que si foras cadáver.» Pola mañá tiña a mirada tan perdida e o xeito tan morto que os que atopei *probablemente non me viron*.

Nas cidades a lama aparecíase de repente vermella e negra, coma un espello cando a lámpada circula na habitación veciña, coma un tesouro na fraga! Boa sorte, gritaba eu, e vía un mar de chamas e de fume no ceo; e, á esquerda, á dereita, tódalas riquezas flamexando coma mil millóns de trebóns.

Pero a orxía e a camaradería das mulleres estábanme prohibidas. Nin sequera un compañeiro. Víame diante dunha morea de xente alporizada, fronte ó pelotón de execución, chorando pola desgraza de que non puideran comprender, –e perdoando! Coma Xoana de Arco! –«Sacerdotes, profesores, mestres, trabucádesvos entregándome á xustiza. Nunca fun deste pobo; nunca fun cristián; son da raza que cantaba no suplicio; non comprendo as leis; non teño o sentido moral; son un bruto: trabucádesvos...»

Si, teño os ollos pechados á vosa luz. Son unha besta, un negro. Pero podo ser salvado. Vós sodes falsos negros, vós maníacos, feroces, avaros. Mercador, es negro; maxistrado, es negro; xeneral, es negro; emperador, comechume vella, es negro; bebiches dun licor sen impostos, da fábrica de Satán. –Ese pobo está inspirado pola febre e o cancro. Eivados e vellos son tan respectables que piden que os fervan. –O máis astuto é deixar este continente, onde a tolemia zanfonea para prover de reféns a eses miserables. Entro no verdadeiro reino dos fillos de Cam.

Coñezo aínda a natureza? Coñezome? –*Non máis verbas*. Enterro os mortos no meu ventre. Berros, tambor, danza, danza, danza, danza!. Xa non vexo a hora na que, ó desembarcaren os brancos, caerei á nada.

Fame, sede, berros, danza, danza, danza, danza!

Os brancos desembarcan. O canón! Hai que someterse ó bautismo, vestirse, traballar.

Recibín no corazón o golpe da graza. Ah! Non o previra!

Non fixen mal ningún. Os días van serme lixeiros, o arrepentimento vai serme aforrado. Non terei padecido os tormentos da alma case morta para o ben, onde remonta a luz severa coma os cirios funerarios. A sorte do fillo de familia, cadaleito prematuro cuberto de límpidas bágoas. Sen dúbida o desenfreo é estúpido, o vicio é estúpido; hai que botar a podremia a unha beira. Pero o reloxo non terá chegado a dar só a hora da pura dor! Vanme levar coma un neno, para xogar no paraíso no esquecemento de toda a desgraza!

Rápido! Hai outras vidas? –O soño na riqueza é imposible. A riqueza sempre foi ben público. Só o amor divino outorga as chaves da ciencia. Vexo que a natureza non é máis que un espectáculo de bondade. Adeus quimeras, ideais, erros.

O canto razoable dos anxos érguese da nave salvadora: é o amor divino. –Dous amores! Podo morrer do amor terrestre, morrer de devoción. Deixei almas que penarán máis coa miña partida! Elixídesme entre os naufragados; os que quedan non son os meus amigos?

Salvádeos!

Naceume a razón. O mundo é bo. Bendicirei a vida. Amarei ós meus irmáns. Xa non son promesas de infancia. Nin a esperanza de escapar á vellez e á morte. Deus fai a miña forza, e eu loo a Deus.



O aburrimiento xa non é o meu amor. As rabias, os desenfreos, a tolemia, dos que sei todos os impulsos e os desastres, –toda a miña carga está depositada. Apreciemos sen vertixe a extensión da miña inocencia.

Xa non sería capaz de pedir o reconforto dunha vareada. Non me creo embarcado para unha voda con Xesucristo por sogro.

Non son prisioneiro da miña razón. Dixen: Deus. Quero a liberdade na salvación: como perseguila? Os gustos frívolos deixáronme. Non máis necesidade de devoción nin de amor divino. Non lamento o século dos corazóns sensibles. Cada un ten a súa razón, desprezo e caridade: reteño a miña praza no cumio desta anxélica escada de sensatez.

En canto á ledicia establecida, doméstica ou non... non, non podo. Son demasiado disipado, demasiado feble. A vida florece polo traballo, vella verdade: eu, a miña vida non é pesada dabondo, bótase a voar e flota lonxe sobre a acción, ese querido punto do mundo.

Como me fago solteirona, por falta de afouteza para amar a morte!

Se Deus me acordase a calma celeste, aérea, o rezo, –coma os antigos santos. – Os santos! fortes! os anacoretas, artistas coma xa non fai falla!

Farsa continua! A miña inocencia fariame chorar. A vida é a farsa que todos temos que levar.

Abonda! Velaquí o castigo. *En marcha!*

Ah! Os pulmóns arden, as tempas rosman! A noite róldame nos ollos, con este sol! o corazón... os membros...

Onde imos? ó combate? Son feble! os outros avanza. A ferramenta, as armas... o tempo!...

Fogo! dispáranme! Alí! ou ríndome. –Covardes! –Mátome! Bótome ós pes dos cabalos!

Ah!...

–Afareime.

Sería a vida francesa, o sendeiro do honor!

## NOITE DO INFERNO

Larpei un excelente grollo de pezoña. Bendito tres veces sexa o consello que me chegou! –As entrañas árdeme. A violencia do veneno tórceme os membros, fame deforme, derríbame. Morro ca sede, afogo, non podo berrar. É o inferno, a pena eterna! Mirade como se volve erguer o lume! Ardo como ten que ser. Vai, demo!

Eu entrevira a conversión ó ben e á ledicia, a salvación. Poida eu describir a visión, o aire do inferno non sofre os himnos! Eran millóns de criaturas feiticeiras, un suave concerto espiritual, a forza e a paz, as nobres ambicións, eu que sei?

As nobres ambicións!

E é a vida de novo! –Se a condenación é eterna! Un home que quere mutilarse está ben condenado, non é? Creo que estou no inferno, logo estou nel. É a execución do catecismo. Son escravo do meu bautismo. Pais, fixestes a miña desgraza e fixestes a vosa. Pobre inocente! –O inferno non pode atacar ós pagáns. –É a vida de novo! Máis tarde, as delicias da condenación serán máis profundas. Un crime, rápido, que eu caía á nada, pola lei humana.

Cala!, pero cala!... É a vergonza, o reproche, aquí: Satán que di que o lume é innobre, que a miña cólera é terriblemente parva. –Abonda!... Erros que me sopran, maxias, perfumes falsos, músicas puerís. –E dicir que eu teño a verdade, que vexo a xustiza: teño un xuízo san e detido, estou listo para a perfección... Orgullo. –A pel da miña testa desécase. Piedade! Señor, teño medo. Teño sede, tanta sede! Ah! A infancia, a herba, a choiva, o lago sobre as pedras, *o luar cando o campanario tocaba as doce...* O diaño está no campanario, a esa hora. María! Santa Virxe!... –Horror da miña estupidez.

Aló abaixo, son ou non almas honestas que me queren ben... Vinde... Teño unha almofada sobre a boca, elas non me oen, son pantasma. E ademais ninguén pensa nunca nos outros. Que non se acheguen. Cheiro a chamusco, seguro.

As alucinacións son innumerables. É ben o que sempre tiven: non máis fe na historia, o esquecemento dos principios. Calareino: poetas e visionarios estarían celosos. Son mil veces o máis rico, sexamos avaros coma o mar.

Ah, iso! O reloxo da vida parou agora mesmo. Xa non estou no mundo. –A teoloxía é seria, o inferno está de seguro *abaixo* – e o ceo arriba. –Éxtase, pesadelo, sono nun niño de chamas.

Cantas malicias na atención no campo... Satán, Ferdinand, corre coa semente salvaxe... Xesús anda sobre as silveiras purpúreas, sen curvalas... Xesús andaba sobre as augas irritadas. A lanterna amosouno de pé, branco e de trenzas negras, ó flanco dunha onda de esmeralda...

Vou desvelar todos os misterios: misterios relixiosos ou naturais, morte, nacemento, futuro, pasado, cosmogonía, nada. Son mestre en fantasmagorías.

Escoitade!...

Teño todos os talentos! –Non hai ninguén aquí e hai alguén: non quería propagar o meu tesouro. –Queren cantos negros, danzas de hurís? Queren que eu desapareza, que me afunda na procura do *anel*? Queren? Farei ouro, remedios.

Fiádevos pois de min, a fe calma, guía, cura. Todos, vinde, –mesmo os meniños –que eu vos console, que se estenda para vós o seu corazón, –o corazón marabilloso! –Pobres homes, traballadores! Non pido pregarías; coa vosa confianza só serei feliz.

–E pensemos en min. Isto faime ter pouca morriña do mundo. Teño sorte de non sufrir máis. A miña vida só foi tolemias doces, dá mágoa.

Bah! Fagamos todos os acenos imaxinables.

Decididamente, estamos fora do mundo. Xa non hai sons. O meu tacto desapareceu. Ah! O meu castelo, a miña Saxonia, a miña fraga de salgueiros. Os seráns, as mañás, as noites, os días... Estou canso!

Debería ter o meu inferno para a cólera, o meu inferno para o orgullo, –e o inferno da caricia; un concerto de infernos.

Morro de fatiga. É a tumba, voume cara ós vermes, horror do horror! Satán, farsante, queres disolverme, cos teus encantos. Reclamo. Reclamo! Unha forquitada, unha pinga de lume.

Ah! Volver a subir á vida! Botar os ollos sobre as nosas deformidades. E ese veneno, ese bico mil veces maldito! A miña debilidade, a crueldade do mundo! Meu Deus, piedade, agóchame, compórtome demasiado mal! –Estou agochado e non o estou.

É o lume que se volve erguer có seu condenado.

# **DELIRIOS**

## **I**

### **VIRXE PARVA**

## O ESPOSO INFERNAL

Escoitemos a confesión dun compañeiro de inferno:

“Oh divino Esposo, meu Señor, non rexeites a confesión da máis triste das túas serventes. Estou perdida. Estou ebria. Son impura. Que vida!”

“Perdón, divino Señor, perdón! Ah! Perdón! Cantas bágoas! E cantas bágoas aínda máis tarde, espero!”

“Máis tarde coñecerei o divino Esposo! Nacín sometida a El. –O outro pode baterme agora!”

“Agora estou no fondo do mundo! Oh amigas miñas!... non, as miñas amigas non... Nunca delirios nin torturas semellantes... É parvo!”

“Ah! Sufro, berro. Sufro de verdade. Todo sen embargo estame permitido, cargada co desprezo dos máis desprezables corazóns.”

“En fin, fagamos esta confidencia, co risco de repetila outras vinte veces, –tan morna, tan insignificante!”

“Son escrava do Esposo infernal, o que perdeu ás virxes parvas. É ben ese demo. Non é un espectro, non é unha pantasma. Pero eu, que perdín a sabedoría, que estou condenada e morta no mundo –non me matarán! –Como describírvolo! Xa nin sei falar. Estou de dó, choro, teño medo. Un pouco de frescura, Señor, por favor, por favorciño!”

“Son viúva... –Era viúva... –que si, antes fun ben seria, e non nacín para facerme esqueleto!... –El era case un neno... as súas delicadezas misteriosas seducíranme. Esquecín todo o meu deber humano para seguilo. Que vida! A verdadeira vida está ausente. Non estamos no mundo. Vou onde el vai, é necesario. E a miúdo déixase levar contra min, *eu, a pobre alma*. O Demo! –É un Demo, sabedes, *non é un home*.”

“El di: “Non amo ás mulleres. O amor está por volver a inventar, sabémolo. Elas só poden querer una posición asegurada. Coa posición gañada, déixanse de lado corazón e beleza: só queda frío desdén, o alimento do matrimonio, hoxe. Ou ben vexo mulleres, cos signos da ledicia, das que, eu, podería ter feito boas camaradas, devoradas antes de nada por brutos sensibles como leña seca...”

“Eu escóitoo facendo da infamia unha gloria, da crueldade un encanto. “Eu son de raza de lonxe: os meus pais eran escandinavos: furábanse as costas, bebían o seu sangue. –Fareime cortes por todo o corpo, tatuareime, quero facerme noxento coma un mongol: xa verás, ouvearei polas rúas. Quero volverme ben tolo de rabia. Nunca me amoses xoias, arrastrárame e retorceríame na alfombra. A miña riqueza, eu quereríaa manchada de sangue por todas partes. Nunca traballarei...”



Varias noites, o seu demo collíame, roldábam, loitaba con el! –Polas noites, decote, ebrio, ponse en rúas ou en casas, para espantarme mortalmente. –“Cortaranme de verdade o pescozo; será noxento.” Oh! Eses días nos que quere andar co aire do crime!

“Ás veces fala, nunha forma de dialecto entenrecido, da morte que fai arrepentirse, dos desgraciados que existen con certeza, dos traballos penosos, das partidas que desgarran os corazóns. Nos tugurios nos que nos embriagábam, el choraba considerando os que nos rodeaban, gando da miseria. Erguía os borrachos nas rúas negras. Tiña a piedade dunha nai mala polos nenos pequenos. –Íase con amabilidades de rapaciña de catecismo. –Finxía estar ilustrado sobre todo, comercio, arte, medicina. –Eu seguía, é necesario!”

“Eu vía todo o decorado do que, en espírito, se arrodeaba; roupa, sabas, mobles; prestáballe armas, outra figura. Vía todo o que lle afectaba, coma el o tería querido crear para si. Cando me parecía que tiña o espírito inerte, seguía, eu, en accións estrañas e complicadas, lonxe, boas ou malas: estaba segura de non entrar nunca no seu mundo. Á beira do seu caro corpo durmido, cantas horas das noites vele, buscando por que quería tanto evadirse da realidade. Nunca home tivo voto tal. Eu recoñecía, –sen temer por el – que podía ser un serio perigo na sociedade. –Ten quizás segredos para *cambiar a vida*? Non, non fai máis que buscalos, replicábame eu. En fin, a súa caridade está enfeitizada, e eu son a súa prisioneira. Ningunha outra alma tería forza dabondo, –forza de desesperanza! –para aturala, –para ser protexida e amada por el. Por outra banda, eu non mo figuraba con outra alma. Vemos o noso Anxo, nunca o Anxo doutro, –creo. Eu estaba na súa alma coma nun palacio que baleiraron para non ver unha persoa tan pouco nobre coma vós: velaí todo. Mágoa! Eu dependía ben del. Pero que quería el coa miña existencia morna e covarde? El non me facía mellor, se non me fixera morrer! Tristemente contrariada, dixenlle algunhas veces: “Compréndote.” El erguía os ombros.

Así, coa miña pena renovándose sen cesar, e atopándome máis perdida ós meus ollos, –coma a todos os ollos que quixeran fixarme, se non estivera condenada para sempre ó esquecemento de todos! –tiña cada vez máis fame da súa bondade. Cos seus bicos e as súas apertas amigas, érache ben un ceo, un ceo sombrío, no que eu entraba, e onde me gustaría que me deixaran, pobre, xorda, muda, cega. Xa eu me afacía. Víanos coma dous bos nenos, libres de pasear no Paraíso de tristura. Harmonizabámonos. Ben emocionados, traballabamos xuntos. Pero, despois dunha penetrante caricia, el dicía: “Que raro che parecerá, cando xa non estea, aquilo polo que pasaches. Cando xa non

teñas os meus brazos baixo o teu pescozo, nin o meu corazón para descansar nel, nin esta boca sobre os teus ollos. Porque terei que irme, moi lonxe, un día. Ademais teño que axudar a outros: é o meu deber. Aínda que non sexa moi apetecible..., cara alma...” De contado eu presentíame, el ausente, presa da vertixe, precipitada na sombra máis horrible: a morte. Facíalle prometer que non me soltaría. Fíxoa vinte veces, esa promesa de amante. Era tan frívolo coma min dicíndolle: “Compréndote.”

Ah! Nunca estiven celosa del. El non me abandonará, creo. Facerse que? Non ten un coñecido, nunca traballará. Quere vivir somnábulo. Soas, a súa bondade e a súa caridade daríanlle dereito no mundo real? Por instantes esquezo a piedade na que caín: el faramite forte, viaxaremos, cazaremos nos desertos, durmiremos nos pavimentos das cidades descoñecidas, sen coidados, sen penas. Ou eu acordarei, e as leis e os costumes terán cambiado, –grazas ó seu poder máxico, –o mundo, quedando o mesmo, deixárame ós meus desexos, ledicias, indolencias. Oh! A vida de aventuras que existe nos libros dos nenos, para recompensarme, sufrín tanto, Darasma ti? El non pode. Ignoro o seu ideal. Díxome que tiña pesares, esperanzas: iso non debe afectarme. Fálalle a Deus? Quizais eu debería dirixirme a Deus. Estou no máis fondo do abismo; e xa non sei rezar.

“Se el me explicara as súas tristuras, comprenderíaa mellor que as súas burlas? Atácame, pasa horas a darme vergoña de todo o que puido emocionarme no mundo, e indígnase se choro.”

“Ves ese elegante mozo, entrando na fermosa e calma mansión: chámase Duval, Dufour, Armand, Maurice, Eu que sei? Unha muller dedicouse a amar a ese malvado idiota: está morta, é certamente unha santa no ceo, agora. Ti farasme morrer coma el fíxo morrer a esta muller. É a nosa sorte, a de nós, corazóns caritativos...” Mágoa! El tiña días nos que todos os homes que actuaban lle parecían os xoguetes de delirios grotescos: ría horriblemente, moito tempo.

–Despois, retomaba os seus xeitos de nai moza, de irmá amada. Se el fora menos salvaxe estaríamos salvados! Pero a súa dozura tamén é mortal. Estou sometida a el.

–Ah! Son parva!

“Un día quizais el desaparecerá marabillosamente; pero teño que saber, se debe volver subir a un ceo, que eu vexa un pouco a asunción do meu amiguiño!”

Estraña parella!

## **DELIRIOS**

### **II**

## **ALQUIMIA DO VERBO**

Agora eu. A historia dunha das miñas tolemias.

Desde facía moito presumía eu de posuír todas as paisaxes posibles, e atopaba irrisorias as celebridades da pintura e da poesía moderna.

Amaba as pinturas idiotas, lumieiras, decorados, panos de saltimbanquis, rótulos, estampas populares; a literatura pasada de moda, latín de igrexa, libros eróticos sen ortografía, novelas das nosas avoas, contos de fadas, libriños infantís, vellas óperas, cancionciñas parvas, ritmos inxenuos.

Soñaba cruzadas, viaxes de descubrimentos dos que non hai relacións, repúblicas sen historias, guerras de relixión afogadas, revolucións de costumes, desprazamentos de razas e de continentes: eu cría en todos os encantamentos.

Inventei a cor das vocais! –A negro, E branco, I vermello, O azul, U verde. – Arranxei a forma e o movemento de cada consoante, e, con ritmos instintivos, gabeime de inventar un verbo poético accesible, un día ou outro, a todos os sentidos. Reservaba a tradución

Foi primeiro un estudio. Eu escribía silencios, noites, anotaba o inexpresable. Fixaba vertices.

Lonxe dos paxaros, do rabaño, da campesiña,  
Que bebía eu, a xeonllos nesas breixeiras,  
Nunha brétema de tarde morna e verde,  
Rodeadas de tenros bosques de abeleiras?

Que podía beber eu nesa. Oíse mociña,  
–Umeiros sen voz, ceo cuberto, sen flores herbeiras!  
–Beber neses odres amarelos, lonxe da choza miña  
Querida? Algún licor de ouro que me de tremedeiras.

Un turbio rótulo de albergue eu parecía.  
–Unha tormenta veu escorrentar o ceo. Polo serán  
A auga dos bosques sobre as areas virxes se perdía,  
O vento de Deus botaba xeos ós charcos do chan;

Chorando, eu vía ouro –e de beber non me dan.–

Ás catro da mañá, no verán,  
O soño de amor aínda se demora.  
Baixo a boscaxe se evapora  
O olor do festexado serán.

Aló abaixo, nos seus vastos madeireiros  
Ó sol das Hespérides,  
Axítanse xa –en mangas de camisa–  
Os carpinteiros.

Nos seus Desertos de musgo, con tranquilidade,  
Preparan os artesoados preciosos  
Onde a cidade  
Pintará ceos enganosos.

Oh!, por eses Obreiros encantadores  
Suxeitos da babilónica coroa,  
Venus! Deixa un instante os Amadores  
Que teñen a alma en coroa.

O Raíña dos Pastores,  
Que as súas forzas estean en harmonía,  
Lévalles a augardente ós traballadores  
Mentres esperan o baño no mar a mediodía.

A antigalla poética tiña unha boa parte na miña alquimia do verbo. Afíxenme á alucinación simple: vía moi francamente unha mesquita no lugar dunha fábrica, unha escola de tambores feita por anxos, carruaxes nas rutas do ceo, un salón no fondo dun lago; os monstros, os misterios; un título de comedia lixeira erguía espantos ante min.

Despois expliquei os meus sofismas máxicos coa alucinación das verbas! Acabei por atopar sagrado o desorde do meu espírito. Estaba ocioso, presa dunha pesada febre: envexaba a ledicia dos animais, –as eirugas, que representan a inocencia dos limbos, as toupas, o soño da virxindade!

O meu carácter acedábase. Díciálle adeus ó mundo en especies de romances:

### CANCIÓN DA MÁIS ALTA TORRE

Que veña, que veña,  
O tempo que de amor nos preña

De tanta paciencia facer  
teño o continuo esquecemento.

Medo e padecer  
Partiron ó firmamento.  
E a sede que adoece  
As miñas veas escurece.

Que veña, que veña,  
O tempo que de amor nos preña

Tales as praderías  
Ó esquecemento dadas



De lerica e orobías  
Floridas e medradas  
Co arisco bordón  
Do sucio moscón

Que veña, que veña,  
O tempo que de amor nos preña.

Amei o deserto, os verxeis ardidos, as tendas murchas, as bebidas amornadas. Arrastrábame polas caellas fedentas e, cos ollos pechados, ofrecíame ó sol, deus de lume.

“Xeneral, se queda un vello canón sobre as murallas en ruínas, bombardéanos con bloques de terra seca. Ós espellos dos comercios espléndidos! nos salóns! Faille comer o seu po á cidade. Oxida as gárgolas. Enche os recibidores de po de rubís ardente...”

Oh! A mosca embriagada no mexadoiro do albergue, namorada da borraaxe, e que un raio dissolve!

FAME

Se teño gusto non é senón  
polas pedras e o terrón.  
Aire como a cachón,  
Rocha, ferro, carbón.

Virade fames miñas. Fames, pacede  
dos sons a pradería.  
Das enredadeiras atraede  
O veneno de alegría.

Comede os croios fracturados,  
De igrexas os vellos empedrados;  
Os seixos dos vellos diluvios,  
Pans sementados nos vales agrisados.

O lobo ouveaba baixo as follas  
As fermosas plumas cuspindo  
Da súa comida voadora:  
Coma el eu voume consumindo.

A verdura, a froita  
Só a colleita espera  
Pero a araña da sebe  
Violetas só tolera

Que eu durma! Que eu coza  
Nos altares de Salomón.  
O caldo a ferruxe roza,  
E mestúrase co Cedrón

En fin, oh ledicia, oh razón, eu separaba do ceo o azul, que é negro, e vivín, fáiſca de ouro da luz *natureza*. De felicidade, eu tomaba unha expresión retranqueira e extraviada a máis non poder:

Recobrada asemade!  
Que? a eternidade.  
É o mar en unidade  
Co sol.

Eterna ánima miña,  
Do teu voto sé observante  
A pesar da soa noitiña  
E o día flamexante.

Sepárase en conclusión  
Da humana aprobación  
Dos comúns impulsos!  
Voas segundo ...

–Xamais a esperanza.  
Nada de *oremos* .  
Ciencia e perseveranza,  
Certo o suplicio sabemos.

Non máis alén,  
Brasas de satén,  
A vosa ardor  
É o deber.

Recobrada asemade!  
Que? a eternidade.  
É o mar en unidade  
Co sol.

Convertinme nunha ópera fabulosa: vin que todos os seres teñen unha fatalidade de ledicia: a acción non é a vida, senón unha forma de botar a perder unha forza, unha nerviosidade. A moral é a debilidade dos miolos.

A cada ser, varias outras vidas semellábanme debidas. Ese señor non sabe o que fai: é un anxo. Esta familia é unha camada de cans. Diante de varios homes, falaba en voz alta cun momento dunha das súas outras vidas. – Así, ameí a un porco.

Ningún dos sofismas da tolemia, –a tolemia de encerrar, –foi esquecido por min: podería repetilos todos, teño o sistema.

A miña saúde estivo ameazada. O terror viña. Eu caía en sonos de varios días, e, erguido, continuaba os sonhos máis tristes. Estaba maduro para o óbito, e por unha ruta de perigos a miña debilidade levábame ós confíns do mundo e da Cimeria, patria da sombra e dos remuíños.

Debín viaxar, distraer os encantos reunidos sobre o meu cerebro. Sobre o mar, que eu amaba coma se debera lavarme dun lixo, vía erguerse a cruz consoladora. Condenárame o arco da vella. A Leticia era a miña fatalidade, o meu remordemento, o meu verme: a miña vida sería sempre demasiado inmensa para estar dedicada á forza e á fermosura.

A Leticia! O seu dente, doce para a morte, advertíame co canto do galo, –*ad matutinum*, ó *Christus venit*, nas cidades máis escuras:

Oh estacións, oh castelos!  
Defectos, que alma hai sen telos?

Fixen o estudio encantado  
Da Leticia, que ninguén da evitado

Sáudos a ela, o galo francés da  
Cando canta pola mañá

Ah! Nada me faltaría:  
Da miña vida ela se encargará.

Ese encanto ánima e corpo tomou  
E os esforzos dispersou.

Oh estacións, oh castelos!

A hora da súa fuxida, dura sorte!  
Será a hora da morte

Oh estacións, oh castelos!

Iso pasou. Hoxe sei saudar á beleza .

## O IMPOSIBLE

Ah! Esa vida da miña infancia, a gran ruta sempre, sobrenaturalmente sobrio, máis desinteresado que o mellor dos mendigos, orgulloso de non ter nin país, nin amigos, que parvada era. E aínda só me decato!

–Tiven razón de desprezar a eses homes que non perderían a ocasión dunha caricia, parasitos da limpeza e da saúde das nosas mulleres, hoxe que están tan pouco de acordo con nós.

Tiven razón en todos os meus desdéns: xa que me evado!

Evádome!

Explícome.

Onte aínda, eu suspiraba: “Ceo! Somos condenados dabondo aquí abaixo! Levo tanto tempo xa na súa tropa! Coñézoos a todos. Recoñecémonos sempre; dámonos noxo. Non coñecemos a caridade. Pero somos educados; as nosas relacións có mundo son moi convenientes” É asombroso? O mundo! Os mercadores, os inocentes! –Non estamos deshonrados. –Pero os elixidos como nos recibirían? Agora ben, hai xente acerba e leda, falsos elixidos, xa que nos fai falta audacia ou humildade para abordalos. Son os únicos elixidos. Non botan a beizón!

Atopando dúas moediñas de razón –pasa rápido! –vexo que os meus malestares veñen de non me ter figurado cedo dabondo que estamos no Occidente. As brañas occidentais! Non é que crea a luz alterada, a forma extenuada, o movemento extraviado... Bo! Velaquí que o meu espírito quere absolutamente cargarse con todos os desenvolvementos crueis que experimentou o espírito desde a fin do Oriente... Quere dabondo o meu espírito!

... As miñas dúas moediñas de razón acabáronse! – O espírito é autoridade, quere que eu estea en Occidente. Habería que facelo calar para concluír como eu quería.

Eu enviaba ó diaño as palmas dos mártires, os raios da arte, o orgullo dos inventores, o ardor dos saqueadores; volvía ó Oriente e á sabedoría primeira e eterna. – Parece que é un sonho de nugalla groseira!

Sen embargo, eu case non soñaba có pracer de escapar ós sufrimentos modernos. Non tiña en vista a sabedoría bastarda do Corán. –Pero Non hai un suplicio real en que,

desde esta declaración da ciencia, o cristianismo, o home *actúase*, próbase as evidencias, échese do pracer de repetir esas probas, e só vive así! Tortura sutil, parva; fonte das miñas divagacións espirituais. A natureza podería aburrirse, quizás! O Sr. Prudhomme naceu con Cristo.

Non é porque cultivamos a bruma! Comemos a febre coa nosa verdura acuosa. E a borracheira! e o tabaco! e a ignorancia! e as devocións! –Todo iso está lonxe dabondo do pensamento da sabedoría do Oriente, a patria primitiva? Por que un mundo moderno, se velenos semellantes se inventan!

A xente da Igrexa dirá: Comprendido. Pero vostede quere falar do Edén. Nada para vostede na historia dos pobos orientais. –É verdade; pensaba no Edén! Que é para o meu soño, esa pureza das razas antigas!

Os filósofos: O mundo non ten idade. A humanidade desprázase, simplemente. Vostede está en Occidente, pero libre de habitar no seu Oriente, tan antigo como lle faga falta, –e de vivir ben nel. Non sexa un vencido. Filósofos, vós sodes do voso Occidente.

Espírito meu, ten coidado. Nada de partidos de salvación violentos. Exercítate! –Ah! A ciencia non vai rápido dabondo para nós!

Pero decátome de que o meu espírito dorme

Se estivera ben esperto sempre a partir de este momento, estaríamos pronto na verdade, que quizás nos arrodea cos seus anxos chorando!... –Se estivera esperto ata este momento, eu non tería cedido ós instintos deleterios, a unha época inmemorial!... –Se estivera sempre ben esperto, eu vogaría en plena sabedoría!...

O, pureza! pureza!

É este minuto de espertar o que me deu a visión da pureza! –Polo espírito vaise a Deus!

Infortunio que esgaza!



## O LÓSTREGO

O traballo humano! É a explosión que ilumina o meu abismo de vez e cando.

“Nada é vaidade, a pola ciencia, e cara adiante! berra o Eclesiastés moderno, é dicir *Todo o mundo*. E sen embargo os cadáveres dos ruíns e dos lacazáns caen sobre o corazón dos outros... Ah! Rápido, rapidiño; aló abaixo, alén da noite, esas recompensas futuras, eternas... escapámoslles?...

–Que podo eu? Coñezo o traballo, e a ciencia é demasiado lenta. Que a pregaria galope e que a luz rosme... véxoo ben. É demasiado simple, e fai demasiado calor; apañaranse sen mín. Teño o meu deber, estarei orgulloso del ó xeito de moitos, poñéndoo de lado.

A miña vida está usada. Imos! finxamos, lacazaneemos, oh piedade! E existiremos divertíndonos, soñando amores monstros e universos fantásticos, laiándonos e atacando as aparencias do mundo, saltimbanqui, mendigo, artista, bandido, –crego! Sobre o meu leito de hospital, o cheiro do incenso chegoume tan poderoso; gardián dos aromas sagrados, confesor, mártir...

Recoñezo aí a miña porca educación de infancia. E que!... Ir os meus vinte anos, se os outros van vinte anos...

Non! Non! Agora rebélome contra a morte! O traballo parécelle demasiado lixeiro ó meu orgullo: a miña traizón ó mundo sería un suplicio demasiado curto. No derradeiro intre atacaría a destro e sinistro...

Entón, –oh! –pobre alma querida, a eternidade non estaría perdida para nós!

## MAÑÁ

Non tiven eu *unha vez* unha xuventude amable, heroica, fabulosa, para escribir sobre follas de ouro, –demasiada sorte! Por que crime, por que erro merecín a miña debilidade actual? Vos que pretendedes que animais boten saloucos de pena, que os enfermos desesperen, que os mortos soñen mal, intentade contar a miña caída e o meu sono. Eu xa non sei explicarme máis ca o mendigo cos seus continuos *Pater* e *Ave María*. *Xa non sei falar!*

Sen embargo, hoxe, creo ter acabada a relación do meu inferno. Era ben o inferno; o vello, aquel do que o fillo do home abriu as portas.

Do mesmo deserto, na mesma noite, sempre os meus ollos cansos acordan á estrela de prata, sempre, sen que se conmovan os Reis da vida, os tres magos, o corazón, a alma, o espírito. Cando iremos, alén das praias e os montes, saudar o nacemento do traballo novo, a sabedoría nova, a fuxida dos tiranos e dos demos, a fin da superstición, adorar –os primeiros! –Nadal sobre a terra!

O canto dos ceos, a marcha dos pobos! Escravos, non maldigamos a vida.

## ADEUS

O outono xa! – Pero por que ter morriña dun sol eterno, se estamos comprometidos no descubrimento da claridade divina, –lonxe das xentes que morren nas estacións.

O outono. A nosa barca elevada nas brétemas inmóbiles, vira cara o porto da miseria, a cidade enorme de ceo lixado de lume e de lama. Ah! os farrapos podres, o pan enchoupado de choiva, a embriaguez, os mil amores que me crucificaron! Non cesará pois esta alobada raíña de millóns de almas e de corpos mortos *e que serán xulgados!* Vólvome a ver coa pel roída pola lama e a peste, co pelo e as axilas cheos de vermes e vermes aínda máis gordos no corazón, estendido entre os descoñecidos sen idade, sen sentimento... Houben morrer alí... Atroz evocación! Execro a miseria.

E temo o inverno porque é a estación do conforto!

–Ás veces vexo no ceo praias sen fin cubertas de brancas nacións en felicidade. Un gran navío de ouro, sobre min, axita os seus pavillóns multicolores baixo as brisas da mañá. Creei todas as festas, todos os triunfos, todos os dramas. Intentei inventar novas flores, novos astros, novas carnes, novas linguas. Crin adquirir poderes sobrenaturais. Pois ben! Debo enterrar a miña imaxinación e os meus recordos! Unha fermosa gloria de artista e de contista levada!

A min! A min que me dixeran mago ou anxo, dispensado de toda moral, devólvenme ó chan, cun deber a procurar, e a realidade rugosa para estreitar! Labrego!

Estou enganado? A caridade sería irmá da morte, para min?

En fin, pedirei perdón de me ter alimentado de mentira. E vaíamos.

Pero nin unha man amiga! E onde sacar o socorro?

Si, a hora nova é ó menos moi severa.

Xa que podo dicir que adquirín a vitoria: o renxer dos dentes, os asubíos do lume, os suspiros apestados modéranse. Todas as acordanzas inmundas bórranse. As miñas derradeiras morriñas desacampan, –celos dos mendigos, os bandoleiros, os amigos da morte, os atrasados de todas sortes. –Condenados, se eu me vingara!

Hai que ser absolutamente moderno.

Nada de cánticos: manter o paso ganado. Dura noite! O sangue seco fumega sobre a miña cara, e non teño nada máis detrás de min que este noxento arbusto!... O combate espiritual é tan brutal coma a batalla de homes: pero a visión da xustiza é o pracer de Deus so.

Sen embargo, é a véspera. Recibamos todos os influxos de vigor e de tenrura real. E ó amencer, armados dunha ardente paciencia, entraremos nas espléndidas cidades.

Que falaba eu de man amiga! Unha boa avantaxe, é que podo rir dos vellos amores enganadores, e bater coa vergonza a esas parellas mentireiras, –eu vin o inferno das mulleres alí abaixo; –e estaram permitido *posuír a verdade nunha alma e un corpo*.

Abril -agosto 1873